

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



INFORME/ACTA DO COMITÉ DE EXPERTOS NOMEADO PARA A VALORACIÓN DAS PROPOSIÇÕES AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR NO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO DO SERVIZO DE REDACCIÓN DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DO ENSANCHE

En Vigo, ás 12.20 h do día 07.02.2024, reúnense no despacho anexo á oficina de Vivenda, no 2º andar da Xerencia Municipal de Urbanismo, os seguintes membros do comité de expertos nomeado por acordo do Consello da XMU de data 08.08.2023:

Lorena López Rodríguez, técnica de admón. xeral da XMU
Paula Martínez Vida, arquitecta do servizo de Planeamento e Xestión da XMU
Iván A. Ramos Lamas, enxeñeiro de edificación municipal, xefe da oficina técnica de licenzas da XMU
José Búa Gil, arquitecto da oficina técnica de licenzas da XMU

Coa asistencia de todos os membros, iníciase a sesión.

1. Subscrición da Declaración de Conflito de Intereses

Con data 03.03.2020 o Consello da XMU, en sesión ordinaria, aprobou o “Modelo de Declaración de conflito de intereses” que consta no ANEXO do dito acordo. Segundo o apartado dispositivo sexto de dito acordo:

“Na primeira reunión do Comité de Expertos cada membro do Comité subscribirán materialmente a “Declaración de conflito de intereses” que será incorporada ao Expediente; o secretario da Mesa de Contratación comprobará á realización deste requisito”.

Todos os membros do Comité de Expertos manifestan que subscribiron a declaración de ausencia de conflito de intereses de acordo co modelo aprobado polo Consello da XMU en sesión ordinaria do día 03.03.2020, non atopándose ningún deles en situación de conflito de intereses a respecto das persoas físicas ou xurídicas presentadas á licitación.

No acordo de nomeamento consta, así mesmo, que os membros do Comité de Expertos deberán absterse de participar na Mesa de Contratación no procedemento de contratación que nos ocupa.

2. Análise das ofertas aceptadas pola Mesa de Contratación

Segundo consta na acta da Mesa de Contratación do 06.06.2023 relativa á apertura e clasificación das proposicións presentadas no procedemento para a contratación do servizo de redacción do Plan Especial de Protección do Ensanche Histórico de Vigo, a única oferta admitida foi a presentada pola entidade 'Oficina de Planeamento, S.A.'

Seguidamente dase conta da documentación facilitada polos Servizos Centrais da XMU ao Comité de Expertos para o exercicio das súas atribucións:

- Certificado do acordo do Consello da XMU do día 03.03.2020, sesión ordinaria, de aprobación do modelo de declaración de conflito de intereses a subscribir nos expedientes de contratación tramitados na XMU.
- Acta da Mesa de Contratación do 06.06.2023 relativa a apertura e clasificación das proposicións presentadas no procedemento para a contratación do servizo de redacción do Plan Especial de Protección do Ensanche Histórico de Vigo e apertura, se procede, das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor (sobre B).
- Prego de condicións administrativas particulares
- Prego de prescricións técnicas
- Metodoloxía xeral de traballo asinada electronicamente polo arquitecto D. Alfonso Díaz Revilla

- Primeiro diagnóstico da situación e problemática urbanística, social, económica e medioambiental asinada electronicamente polo arquitecto D. Alfonso Díaz Revilla
- Proposta de composición do equipo multidisciplinar de traballo asinada electronicamente polo arquitecto D. Alfonso Díaz Revilla
- Proposta de medios técnicos e melloras na documentación de execución do contrato asinada electronicamente polo arquitecto D. Alfonso Díaz Revilla

Procede, xa que logo, examinar a documentación presentada para a súa valoración mediante xuízo de valor polo único licitador admitido no presente procedemento.

Os criterios a considerar serán os establecidos no Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de redacción do Plan Especial de Protección do Ensanche, apartado 7 “Criterios de adxudicación, letra A) “Criterios avaliados mediante xuízo de valor” e que seguidamente se desglosan.

O dito prego esixe a presentación da documentación na que consten os seguintes extremos coa extensión máxima que nel sinala:

- Metodoloxía xeral dos traballos: extensión máxima 40 páxinas
A documentación aportada pola única licitadora admitida consta de 41 páxinas
- Primeiro diagnóstico da situación e problemática urbanística, social, económica e medioambiental: extensión máxima 30 páxinas.
A documentación presentada pola única licitadora admitida consta de 29 páxinas
- Proposta de composición do equipo multidisciplinar de traballo: extensión máxima 12 páxinas
A documentación presentada pola única licitadora admitida consta de 12 páxinas
- Proposta de medios técnicos, e melloras na documentación de execución do contrato: extensión máxima 10 páxinas
A documentación presentada pola única licitadora admitida consta de 12 páxinas

Sen prexulgar o carácter orientativo ou non daquela extensión máxima, o comité fai constar para o coñecemento e efectos procedentes da mesa de contratación, que a proposta examinada supera a dita extensión máxima, se ben no presente suposto non resultaría significativo no substantivo, considerado o número de páxinas totais, a incorporación de portada e índice neste cómputo e o limitado efecto que cabería atribuír á maior extensión deses documentos neste concreto suposto.

A continuación o comité de valoración procede ao exame documental e á deliberación sobre cada un dos apartados que deben ser ponderados. Acórdase non valorar aquela información que xa consta incorporada nos documentos facilitados pola Administración contratante cando esta non se empregue como mera fonte de información e se aporte sen unha análise e/ou valoración propia.

Criterios avaliados mediante xuízo de valor (máximo total 65 puntos)

1.- Metodoloxía xeral dos traballos (entre 0 e 20 puntos)

De acordo co Prego de cláusulas administrativas particulares, deberá presentarse:

“Memoria técnica na que se expoña o enfoque e metodoloxía que se utilizarán nos traballos, así como proxecto de presentación do Plan, tipo de representación gráfica, medios a utilizar, exposición dos traballos, publicidade, etc. Incluirá unha proposta de información ao público do contido do Plan.

Valorarase neste punto as innovacións sobre os mínimos do PPT, a mellora na coordinación e distribución de fases previstas no PPT, e/ou a reorganización dos prazos previstos.

Ademais incluirá un organigrama coa organización de recursos humanos.

Extensión máxima 40 páxinas DIN A-4”.

Dado que a Memoria técnica debe valorarse de 0 a 20 puntos, para obxectivar as puntuacións asignadas acórdase o seu desglose como segue:

Metodoloxía		8
Proxecto de presentación	Presentación, representación gráfica, medios, exposición, publicidade, etc.	3
	Proposta de información ao público	4
Innovacións sobre os mínimos do PPT, mellora na coordinación e distribución das fases previstas no PPT e/ou reorganización dos prazos previstos		3
Organigrama coa organización de recursos humanos		2

Para a ponderación destes contidos terase en conta a claridade expositiva, a correspondencia entre os apartados esixidos polo PPTP e os abordados na documentación presentada, a súa pertinencia e concreción, a formulación de propostas, a adecuación entre o contido e o obxecto do contrato, así como aqueles enfoques que contribúan á calidade do traballo, á coordinación das tarefas para a máis áxil tramitación do procedemento e da capacidade de resposta do equipo redactor así como a favorecer a transparencia e a participación da cidadanía.

Pola súa banda, na ponderación da proposta de información ao público acórdase non considerar como obxecto de singular valoración, aqueles elementos da proposta que resulten preceptivos de acordo coa normativa de aplicación ou que estean xa implementados polo Concello de Vigo como parte da actividade administrativa realizada durante o procedemento de tramitación do planeamento urbanístico nin os esixidos no PPTP. Considerarase ademais o entendemento da información pública como parte do dereito da cidadanía á participación na planificación urbanística e, polo tanto, que o desenvolvemento da proposta estea ligada ao fomento da participación pública así como o compromiso activo do equipo redactor de garantir e favorecer esta participación durante todo o proceso.

No que respecta á metodoloxía, na documentación presentada o traballo se organiza sobre cinco áreas temáticas e súa exposición realízase, mais que como un proceso pautado ou estruturado, a través da expresión do contido informativo (diagnose) e propositivo que conformará a documentación a entregar.

Como proposta propia incorpora a de incrementar o ámbito do Plan Especial nunha superficie de 1,78 ha co obxecto, segundo afirma, de incorporar pezas fronteiras que reúnen as mesmas características fundacionais e arquitectónicas que as incorporadas ao Plan Xeral de Ordenación Municipal inicialmente aprobado e redactado por esta mesma entidade licitante. Neste senso, os membros botan en falta a xustificación da delimitación proposta. Con todo, neste momento, a delimitación contida na proposta examinada é coincidente coa do Plan Xeral de Ordenación Municipal provisionalmente aprobado; sendo realizadas ambas pola mesma entidade redactora toda vez que entidade licitante forma parte da UTE adjudicataria dos traballos de revisión do PXOU93. Non obstante, ao non existir outras propostas que valorar, non se afonda en consideracións sobre este particular.

Introduce tamén como proposta a incorporación dun programa de rehabilitación (declaración de áreas de rehabilitación).

Con respecto ao proxecto de presentación, non se observa a exposición das formas de representación gráfica, medios a empregar, publicidade, etc.

En canto á proposta de información ao público, o PPTP parte da organización de sesións de participación cidadá das que nada se considera na documentación que se examina e que carece dunha visión integral do procedemento aínda que o divide nas seguintes fases:

- Dende o inicio da formulación ata a conclusión da avaliación ambiental estratéxica: a proposta é pouco innovadora toda vez que o Concello de Vigo publicita ordinariamente na súa sede electrónica o planeamento en tramitación e informa das fases de información pública. Tocante á apertura dun prazo de suxestións previo ao de información pública, tampouco resulta innovadora, non expresando a licitadora o traballo a desenvolver polo equipo redactor en relación coas suxestións recibidas.

Polo demais, propón o apoio do equipo redactor para a selección do material a difundir na web e a súa participación, se procede, en reunións informativas cos técnicos municipais e axentes sociais.

- Durante a formación do documento para aprobación inicial: propón que na páxina web do Plan Especial se informe das incidencias e proxectos desenvolto e que tamén podería informarse das reunións mantidas e do resultado das mesmas.

- Durante o trámite de información pública: o PPTP esixe a obrigada asistencia do equipo redactor ás reunións que a Administración concerte con carácter informativo durante esta fase no caso de requirirse a súa presenza e intervención.

Considerado o anterior, obsérvase que gran parte dos traballos propostos na documentación examinada para a fase de participación cidadá semellan recaer sobre o persoal municipal.

Polo que respecta ás innovacións sobre os mínimos do PPTP, a mellora na coordinación e distribución das fases previstas no PPTP e/ou a reorganización dos prazos previstos, non se observa a incorporación de ningún destes apartados.

No relativo ao organigrama esixido no PPTP, o apartado 1.7 da proposta adicado á organización dos recursos humanos remite á composición do equipo redactor que figura noutro dos documentos presentados, polo que unicamente achega un cadro no que relaciona os membros do equipo coa súa titulación e traballos nos que intervirán. É por elo, que entendido o organigrama como estrutura interna dos recursos humanos dispoñibles, unicamente se observa a asignación de funcións estruturantes a nivel interno respecto dos membros que actuarán como director-coordinador e adxunto ao director.

VALORACIÓN DA METODOLOXÍA DOS TRABALLOS PRESENTADA POR 'OFICINA DE PLANEAMENTO, S.A.' (de 0 a 20 puntos)

Metodoloxía		4
Proxecto de presentación	Presentación, representación gráfica, medios, exposición, publicidade, etc.	0
	Proposta de información ao público	1
Innovacións sobre os mínimos do PPTP, mellora na coordinación e distribución das fases previstas no PPTP e/ou reorganización dos prazos previstos		0
Organigrama de recursos humanos		0,5

2.- Primeiro diagnóstico da situación e problemática urbanística, social, económica e medioambiental (entre 0 e 20 puntos):

Esíxese unha *“Memoria que conteña un primeiro diagnóstico e unha primeira estratexia, as directrices e obxectivos xerais do plan, unha análise de posibles distintas alternativas de ordenación.*

Extensión máxima 30 páxinas DIN A-4”.

A documentación presentada está conformada por 29 páxinas.

Para a maior obxectivación da ponderación, acórdase o seguinte desglose da puntuación:

Diagnose	10
Estratexia, directrices e obxectivos xerais	5
Alternativas de ordenación	5

Valorarase o mellor coñecemento do ámbito desde o punto de vista social, económico, histórico e ambiental e a identificación dos problemas que lle son propios, mais aló de xeneralidades. Considerarase a formulación dunha estratexia coherente de intervención e a expresión de directrices e obxectivos xerais ligados á problemática e fortalezas detectadas, así como a elaboración de distintas alternativas de ordenación.

No relativo á diagnose realizada pola única licitante admitida, se ben aborda un estudo do ámbito dende o punto de vista urbanístico-histórico (aínda que non incorpora ningunha referencia á posible condición do ámbito como conxunto histórico-artístico), dende o punto de vista social, económico e ambiental está escasamente caracterizado.

Da diagnose exposta resultaría unha zonificación en sete zonas de xeito similar á división realizada pola empresa Consultora Galega no documento para aprobación inicial presentado no seu momento (a delimitación de cada zona varía algo e o ámbito é algo menor). Seguidamente analiza o PEEC actualmente vixente, concluíndo sobre o inadecuado deste instrumento e realiza un exame funcional e de relación co bordo onde describe a cualidade arquitectónica dos edificios, a presenza das pezas construídas, a topografía, a paisaxe, a vialidade urbana, etc. Finalmente define unhas directrices xerais e unha “reflexión propositiva”, que formula con xeneralidade. Non se localiza ningunha referencia á Comisión de Seguimento do PEEC nin ao traballo realizado dende este órgano.

Tocante aos obxectivos xerais obsérvase que poden resultar nalgúns puntos máis xeneralistas incluso que os do propio prego.

A proposta non formula posibles alternativas de ordenación.

VALORACIÓN DA DIAGNOSE PRESENTADA POR 'OFICINA DE PLANEAMENTO, S.A.' (de 0 a 20 puntos)

Diagnose	5
Estratexia, directrices e obxectivos xerais	2
Alternativas de ordenación	0

3.- Proposta de composición do equipo multidisciplinar de traballo (entre 0 e 15 puntos)

Valorarase a composición do equipo de traballo, así como a súa multidisciplinaridade, e a súa adecuación e dedicación ao traballo concreto.

Extensión máxima 10 páxinas DIN A-4.

Considerarase a equilibrada composición do equipo, a súa suficiencia e a adecuación dos perfís así como a súa complementariedade. Tamén se considerará o contacto activo deste equipo co ámbito obxecto de intervención e a participación coordinada e coherente de cada un dos membros en cada fase.

Para obxectivar a ponderación deste apartado, acórdase o seguinte desglose de puntuacións:

Composición do equipo de traballo, multidisciplinaridade e adecuación	13
Dedicación	2

Tocante á adecuación das titulacións concentradas polos membros propostos, o PPTP establece que deberán estar en posesión do grao ou titulación equivalente de arquitectura, historia, bioloxía, informática, etc. O equipo proposto está composto por membros que reunirían estas titulacións (agás no relativo a informática) e abraguen coñecementos e experiencia nas áreas da arquitectura, a bioloxía e a historia-arqueoloxía.

A composición sería a seguinte:

- dirección-coordinación 1
- adxunto dirección 1
- equipo técnico 7
- colaboradores-consultores 3

Non obstante, nalgúns partes da proposta cítase un total de 11 membros e noutras de 12.

No relativo á concreta dedicación dos membros do equipo de traballo, unicamente amósase unha asignación de traballos/membro, fase e prazo e non se engade ningunha información sobre xornadas nin horas de traballo/día.

Con respecto ao traballo de campo só o prevé para a primeira das fases e sería levado a cabo por catro arquitectas/os. Bótanse en falta previsións ao traballo de campo requirido para elaboración da base cartográfica, así como a disposición de ferramentas técnicas ou perfís con coñecementos en topografía.

Non obstante, na exposición que se realiza do equipo faise referencia a unha experiencia suficiente e que semella adecuada para a elaboración dos traballos.

Non se advirte a designación de membro ningún á fase de información ao público.

VALORACIÓN DA COMPOSICIÓN DO EQUIPO PRESENTADA POR 'OFICINA DE PLANEAMENTO, S.A.' (de 0 a 15 puntos)

Composición do equipo de traballo, multidisciplinaridade e adecuación	10
Dedicación	0

4.- Proposta de medios técnicos e melloras na documentación de execución do contrato (entre 0 e 10 puntos):

Valorarase a adecuación dos medios técnicos e as ferramentas de xestións aos traballos concretos.

Teranse en conta as melloras sobre os mínimos do PPT, así como as innovacións técnicas e melloras na incorporación de ferramentas (tanto internas como externas) para a súa visualización. Valoraranse estas melloras ata un máximo de 2,5 puntos do total do apartado.

Extensión máxima 10 páxinas DIN A-4.

Considerarase a disposición de equipos e outros medios técnicos que contribúan á calidade do traballo e a mellora do tempo de resposta. Tocante ás melloras propostas terase en conta a súa contribución real en relación co obxecto do contrato. Non serán obxecto de valoración aquelas que xa estiveran implementadas na Administración contratante ou resultasen facilmente implementables por dispoñer xa das ferramentas, información e procesamento necesario para elo.

Para obxectivar a ponderación desta puntuación e dado que o prego cita os extremos a considerar, acórdase distribuír estes puntos como segue:

Medios técnicos	7,5
Melloras	2,5

Os medios técnicos propostos parecen suficientes para a realización do traballo, aínda que non se especifica o réxime de dedicación total ou parcial deses medios ás tarefas de redacción do PEEC. Tampouco se concreta o número de licenzas dispoñibles para os distintos programas informáticos. Finalmente, cómpre apuntar que se achegan unhas medidas de control de calidade que consisten en diferentes verificacións a realizar durante a execución dos traballos. Porén, a proposta presentada non parece concretarse nun documento de "control de calidade" que vaia a permitir á Administración comprobar que esas medidas son adoptadas.

Con respecto ás melloras, o único licitador admitido propón as seguintes:

- Melloras técnicas para a visualización da documentación cartográfica:
 - Visor 3D editable e actualizable na plataforma aberta QGIS
 - Visor 3D en formato *.kmz

O Concello de Vigo dispón, den hai tempo, dun xemelgo dixital (3D) onde se poden implementar de xeito sinxelo os datos facilitados (información xeográfica :campos, atributos,...) por cada equipo redactor. Este xemelgo está dispoñible na web municipal para o público en xeral. Ademais conta co PCC, para uso interno, no que se insiren os datos, capas e mapas relevantes para esta Administración. Tamén conta cunha ferramenta para confeccionar visores web cos datos facilitados e inserilos na web corporativa.

- Polo que respecta ás melloras sobre os mínimos da documentación a entregar, resultaría:
 - Base de datos das alegacións xeorreferenciadas

O licitador propón a entrega dunha base de datos das alegacións xeorreferenciadas á que engadiría información como o n.º de orde, n.º rexistro, proposta resolución, etc. Procede, pois, lembrar que parte desta información é facilitada xa pola propia Administración aos equipos redactores ao remate do período de información ao público. Ademais, a integración desa información nunha base de datos sería facilmente implementable por esta Administración. Cómpre lembrar, tamén, que o PPTP prescribe (apartado 5.1.1) que o adxudicatario realizará os seus traballos utilizando como sistema de arquivos o repositorio Alfresco corporativo e como repositorio SIX a base de datos espacial PostGis corporativa.

VALORACIÓN DE MEDIOS TÉCNICOS E MELLORAS PRESENTADA POR 'OFICINA DE PLANEAMENTO, S.A.' (de 0 a 10 puntos)

Medios técnicos	5
Melloras	0,5

Do anterior resulta a seguinte,

PUNTUACIÓN TOTAL PARA A PROPOSTA PRESENTADA POR 'OFICINA DE PLANEAMENTO, S.A.'

METODOLOXÍA	5,5
DIAGNOSE	7
COMPOSICIÓN DO EQUIPO	10
MEDIOS TÉCNICOS E MELLORAS	5,5
TOTAL	28 puntos

Esta puntuación é resultado da análise, deliberación e acordos consensuados adoptados nesta sesión, asinándose a presente acta en proba de conformidade na data da sinatura electrónica para o seu traslado á mesa de contratación.

Sen máis asuntos que tratar, remata á sesión ás 13.20 horas.

Vigo, data da sinatura electrónica

A técnica de admón. xeral
Lorena López Rodríguez

A arquitecta municipal
Paula Martínez Vidal

O xefe da Oficina Técnica de Licenzas
Iván A. Ramos Lamas

O arquitecto da Oficina Técnica de Licenzas
José Búa Gil